- Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.
- Real Decreto 302/1984, do 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da "Sociedad Estatal «Empresa Nacional de Autopistas».
- Real Decreto 173/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e «Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima», para a construción dun tramo de autoestrada de acceso norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón, modifícanse determinados termos da concesión que ostenta dita sociedade e modifícase o Real Decreto 302/1984, de 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da «Empresa Nacional de Autoestradas, Sociedade Anónima.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envio: 27/11/2017 11:43:15.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Real Decreto 3317/1982, do 24 de xullo,sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de estradas.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 11:42:35

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, órganica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia 107178

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, órganica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

— G. P. de En Marea (doc. núm. 32825) 107189
— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm.32874) 107190

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, órganica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 26 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame pola Comisión

- 20737 (10/PPLC-000007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, órganica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 26 de xuño de 2018, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Texto articulado

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades

galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes do punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadarmos a titularidade e a transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e dos servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego e fixa no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da Constitución española habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante unha lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por unha lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo primeiro establécese a transferencia da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e os servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso dos servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, o cal se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda regúlase a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da Rede do Estado.

Finalmente, na disposición adicional terceira aclárase que este traspaso non modifica as funcións nin os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. *Transferencia da autoestrada AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e os servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa AP-9, autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto nesta lei orgánica, unha vez realizado o traspaso dos servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, as adaptacións ou reformas dos existentes, así como dos enlaces e das vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto dos incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe o establecemento, a actualización e a supresión das tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo respecto da sociedade concesionaria da autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

Artigo 2. *Traspaso dos servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, que se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Disposición adicional primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá ningún incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

Disposición adicional segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante un real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada AP-9 da Rede de estradas do Estado.

Disposición adicional terceira

(Sen contido.)

Disposición adicional cuarta

O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018
Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión
Marcos Cal Ogando
Secretario (en funcións) da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, órganica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

- 20737 (10/PPLC-000007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

— G. P. de En Marea (doc. núm. 32825).
— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm.32874).

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 12:54
Nº Rexistro: 32825
Data envio: 26/06/2018 12:54:13.074

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, doc. núm. 20737 (10/PPLC-000007),** que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/06/2018 12:52:49

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:40
Nº Rexistro: 32874
Data envio: 27/06/2018 16:40:06.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, formula os seguintes **votos particulares**, para a súa defensa en Pleno, respecto do ditame emitido en relación coa **Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [10/PPLC-000007** (doc. núm. **20737**)].

Voto particular 1.- Mantemento do texto orixinal da Disposición adicional primeira.

"O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei."

Voto particular 2.- Mantemento do texto orixinal da Disposición adicional terceira.

"A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas na presente Lei, a Comunidade Autónoma acordase o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público."

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:40
Nº Rexistro: 32874
Data envio: 27/06/2018 16:40:06.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2018 16:39:05

PARLAMENTO DE GALICIA

Texto para Pleno

PROPOSICIÓN DE LEI, PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS, ORGÁNICA DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 Á XUNTA DE GALICIA

Proposición de lei: BOPG núm. 219, fascículo 1, do 29.11.2017
Emendas ao articulado: BOPG núm. 317, fascículo 1, do 07.06.2018
Informe da Ponencia: BOPG núm. 323, fascículo 1, do 20.06.2018
Ditame da Comisión: BOPG núm. 329, fascículo I, do 29.06.2018

DITAME DA COMISIÓN:

Título.

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da **autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 1. *Transferencia da autoestrada AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da concesión así como as funcións e os servizos ata agora exercidos pola Administración **xeral** do Estado en relación coa AP-9, **autoestrada** do Atlántico.

2. En virtude do disposto nesta lei **orgánica**, unha vez realizado o traspaso dos servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:
a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, as adaptacións ou reformas dos existentes, así como dos enlaces e das vías auxiliares da autoestrada.
b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.
c) A potestade sancionadora respecto dos incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.
d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe o establecemento, a actualización e a supresión **das** tarifas e **peaxes**, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.
e) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como as ampliacións ou reducións da actual.
3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración **xeral** do Estado conservará ao seu cargo respecto da sociedade concesionaria da autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº1, ao apartado 3 bis), de Adición.

Débese engadir ao remate do apartado 3 un novo punto, co seguinte texto:

"4. No suposto de que con posterioridade ao acordo de traspaso, a Xunta de Galicia acorde a extinción da concesión por reversión, a Administración xeral do Estado asumirá a contía que, en relación co custo do rescate da reversión que se debe aboar á concesionaria que, se é o caso, proceda, corresponda ao período anterior ao dito acordo de traspaso."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº2, ao apartado 3 ter), de Adición.

Débese engadir ao remate do punto 4 un novo punto co seguinte texto:

"5. Para os efectos de aplicación do punto 4, incluirase a correspondente dotación orzamentaria nos orzamentos xerais do Estado do exercicio seguinte ao do acordo firme de determinación do dito custo de rescate."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. *Traspaso dos Servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, **que** se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira.

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá ningún incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

NON TEN EMENDAS

VOTOS PARTICULARES:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Voto particular nº1, á Disposición adicional primeira

Mantense o texto orixinal da Disposición adicional primeira

"O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda.

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante un real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada AP-9 da Rede de estradas do Estado.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional terceira.

(Sen contido.)

NON TEN EMENDAS

VOTOS PARTICULARES:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Voto particular nº2, á Disposición adicional terceira.

Mantense o texto orixinal da Disposición adicional terceira

"A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas na presente Lei, a Comunidade Autónoma acordase o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional cuarta.

O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº3, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición adicional cuarta bis co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta.
O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira **única**

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes do punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadarmos a titularidade e a transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e dos servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego, fixando no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da Constitución española habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante unha lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por unha lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición derradeira.
No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e os servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso dos servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, o cal se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.
Nas disposicións adicionais primeira e segunda regúlase a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da Rede do Estado.
Finalmente, na disposición adicional terceira aclárase que este traspaso non modifica as funcións nin os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

NON TEN EMENDAS

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:40
Nº Rexistro: 32874
Data envio: 27/06/2018 16:40:06.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, formula os seguintes **votos particulares**, para a súa defensa en Pleno, respecto do ditame emitido en relación coa **Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [10/PPLC-000007** (doc. núm. **20737**)].

Voto particular 1.- Mantemento do texto orixinal da Disposición adicional primeira.

"O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei."

Voto particular 2.- Mantemento do texto orixinal da Disposición adicional terceira.

"A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas na presente Lei, a Comunidade Autónoma acordase o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público."

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:40
Nº Rexistro: 32874
Data envio: 27/06/2018 16:40:06.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2018 16:39:05

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 30911, 10/PPL-000023)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

30911(10/PPL-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 304, 15.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2018 12:58
Nº Rexistro: 30911
Data envio: 14/05/2018 12:58:07.005

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Exposición de motivos

O servizo público de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, constitúe un elemento vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia xa establecía a necesidade de reforzar a independencia da Corporación Radio e Televisión de Galicia respecto do Poder executivo, traballando cara a unha nova concepción na promoción do pluralismo ideolóxico e social.

Pero o certo é que moitas das previsións concretas que a dita lei establecía non foron cumpridas, impedindo facer efectiva a súa aplicación en cuestións fundamentais, polo que é necesario proceder á súa actualización e demandar o seu cumprimento nesas materias esenciais, tal que se posibilite na realidade a aposta que na lei se establecía por uns medios públicos máis modernos, imparciais e plurais.

Porque para provocar e facilitar esta situación, a radiotelevisión pública galega debe ter como base da súa actividade a independencia, a estabilidade, a responsabilidade e a participación da sociedade civil.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Así, dado ao tempo transcorrido, existen unha boa serie de cuestións esenciais que é preciso activar sen máis dilación, como as que se refiren ao nomeamento do director ou directora, á formulación dos contratos-programa, á ausencia do Consello de Informativos, á inexistencia dunha regulación da Autoridade audiovisual de Galicia, ou á carencia do Estatuto dos traballadores da Corporación RTVG. Neste senso, considérase que é importante aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, gobernamental ou privada.

Igualmente é necesario establecer novas medidas complementarias para estimular a industria audiovisual galega, establecendo desde a propia Comunidade de Galicia para a Corporación RTVG, un aumento da dotación para o necesario financiamento deste sector estratéxico.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2018 12:58
Nº Rexistro: 30911
Data envio: 14/05/2018 12:58:07.005

Artigo Único: ***Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia***

A Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modificación do artigo 23.4, que quedará redactado co seguinte texto:

Esgotado o mandato, a directora ou director xeral continúa no exercicio das súas funcións ata o nomeamento da nova persoa elixida para o cargo. Esta prórroga non poderá superar o prazo de seis meses sen que sexa activado o procedemento previsto no artigo 23.2

Dous. Derrógase a Disposición transitoria terceira

Tres. Modificación da disposición transitoria cuarta, que quedará redactado co seguinte texto.

O procedemento de elección do director ou directora xeral da CRTVG será activado no Parlamento de Galicia no prazo improrrogable de 30 días hábiles a partir da aprobación desta lei.

A estes efectos, nese tempo, abrirase un prazo de 15 días hábiles para que os grupos parlamentarios podan formular esas propostas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Concluído ese prazo, os candidatos ou candidatas comparecerán ante a Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG co fin de examinar a idoneidade para o cargo, de acordo co Regulamento do Parlamento, en función do previsto no artigo 14 da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. As comparecencias substanciaranse nun prazo improrrogable de 15 días hábiles.

Unha vez rematado ese proceso, procederase á primeira votación prevista no artigo 23.2 da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, incluíndoa na orde do día do primeiro pleno ordinario que se produza".

Catro. Adición dunha disposición transitoria sexta. bis. Contratos Programa, que quedará redactado co seguinte texto:

Dado o tempo transcorrido desde a aprobación do primeiro mandato marco, o primeiro contrato programa previsto no artigo 33 da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, deberá referirse ao período que se inicia en decembro de 2018, incorporando os contidos previstos no dito artigo".

Cinco. Adición dunha disposición transitoria sexta. Ter. Estatuto Profesional, que quedará redactado co seguinte texto:

O Consello de Administración, de acordo co previsto nos Estatutos da Corporación CRTVG, aprobará, no prazo improrrogable de 3 meses desde a aprobación desta lei, o Estatuto profesional previsto no artigo 36, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

O consello de informativos previsto no artigo 36.2, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, será constituído no prazo improrrogable de tres meses dende a aprobación do Estatuto profesional"

Seis. Modificación da disposición final quinta. *Autoridade audiovisual*, que quedará redactado co seguinte texto:

A Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia, no prazo improrrogable de 3 meses, desde a entrada en vigor desta lei, un proxecto de lei que regule ou encomende as función da autoridade audiovisual. Mentres non se aprobe a norma de referencia terá a consideración de autoridade audiovisual quen ata ese momento viñese exercendo tales función"

Sete.- Adición dunha disposición transitoria terceira bis.- Modificación da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.

Adición dun novo artigo 5 –bis á Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia:

Artigo 5 bis. Promoción do sector audiovisual galego.

1.- Co obxecto de promover o financiamento do sector audiovisual galego, establécese que a Corporación Radio e Televisión de Galicia dedicará anualmente, como mínimo, o 6 % do seus ingresos totais a tal finalidade, incluíndo en tal contía o computo da obriga establecida no artigo 5 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2.- Aos efectos do establecido no punto anterior, enténdese por ingresos totais a contía dos rendementos propios de explotación da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (por publicidade, financeiro, de xestión, etc ...), así como tamén calquera clase de transferencia, subvencións ou achega patrimonial recibida, incluíndo o computo das compensacións consignadas anualmente ao seu favor nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2018 12:58
Nº Rexistro: 30911
Data envio: 14/05/2018 12:58:07.005

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 6/ 1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
- Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.
- Comunicación do 16 de decembro de 2015 pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia do Mandato marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (DOG núm. 247 do 29 de decembro de 2015).

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/05/2018 12:38:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e socio-sanitaria de centros e actividades na Comunidade Autónoma de Galicia(doc. núm. 31024, 10/PPL-000024)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

31026(10/PPL-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 308, 22.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei pola que se regula a publicidade sanitaria e socio-sanitaria de centros e actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.**

ANTECEDENTES

- Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de sanidade, nos artigos 27 e 30.1 encomenda ás Administracións Públicas o control da publicidade e propaganda comercial sanitaria para, que se axuste ao criterio de veracidade no que atinxe á saúde a fin de limitar todo o que poida prexudicar a mesma e somete a inspección administrativa as actividades dos centros e establecementos sanitarios. Así mesmo, o artigo 41 encomenda ás Comunidades Autónomas o exercicio das competencias asumidas nos seus estatutos e as transferidas ou delegadas polo Estado.
- Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de publicidade.
- Decreto 97/1998, de 20 de marzo, que regula a publicidade sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, que sinala que a publicidade de materiais ou produtos sanitarios, así como a de bens, actividades e servizos susceptibles de xerar riscos para a saúde das persoas, poderá ser regulada por normas especiais ou sometida a réxime de autorización administrativa previa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias.
- Lei 8/2008 do 10 de xullo de Saúde de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente Proposta de lei, ten como obxectivo ampliar e reforzar o marco lexislativo polo que se ten que rexer a publicidade de produtos, centros e actividades sanitarias e socio-sanitarias en Galicia.

A existencia de publicidade e promoción comercial de consumo dunha serie de produtos, cursos, servizos e métodos que son anunciados e presentados como útiles para o diagnóstico, prevención ou tratamento de enfermidades, modificación do estado físico e psicolóxico...etc. sen que estas estean axustadas a realidade e non cumpran as esixencias de veracidade, debe ser obxecto de regulación que esixa claridade e información sobre o seu contido, composición, natureza ou efectos a través dunha inspección e control dos mesmos.

O nacemento constate de novas técnicas, produtos ou servizos que na maioría das veces son de difícil compresión para usuarias e usuarios, motivan que a Administración exerza un papel de garante no control das mensaxes publicitarias do ámbito sanitario.

Esta situación, crea a necesidade de protexer os aspectos prexudiciais para a saúde que poidan resultar afectados pola publicidade de produtos e actividades

sanitarias e socio-sanitarias, garantindo que seguen o principio de veracidade nas accións ofertadas así como os seus resultados sobre a saúde.

Como se expón ao inicio, esta Proposición de Lei pretende concretar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, os requisitos e condicións xerais que deben reunir as mensaxes publicitarias relacionadas coa saúde ou que poidan afectar á mesma, así como o procedemento e os órganos encargados da súa tramitación, informe e resolución para a protección da cidadanía.

En relación ao exercicio do control da publicidade, sométese esta á inspección administrativa e regúlase o procedemento e os órganos encargados da tramitación, informe e resolución da autorización administrativa previa, a creación da Comisión de Control da Publicidade na que resulta de especial interese a incorporación da cidadanía a dita Comisión, facéndoa participativa da mesma xunto coa Administración e as e os profesionais, así como o Rexistro de dita publicidade e procedemento sancionador aplicable para a materia obxecto de regulación.

Por todo o anterior, e coa finalidade de reforzar a regulación e o control da publicidade sanitaria e socio-sanitaria en Galicia, preséntase a seguinte **Proposición de Lei:**

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto da presente Lei a regulación da publicidade sanitaria e socio-sanitaria respecto dos centros, servizos, produtos e establecementos, así como o réxime de autorización previa, control e vixilancia administrativas da publicidade sanitaria e socio-sanitaria que respecto aos centros, establecementos ou actividades teña lugar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

Artigo 2.- Definición.

A efectos desta Lei, enténdese por publicidade sanitaria e socio-sanitaria toda forma de comunicación gráfica, sonora ou audiovisual, efectuada por calquera medio ou soporte, por persoas físicas ou xurídicas, dirixida a promover directa ou indirectamente a contratación de actividades, produtos ou servizos prestados na Comunidade Autónoma de Galicia, relacionada con beneficios e riscos para a saúde, que poidan repercutir na mesma ou que impliquen prexuízos para o restablecemento ou reparación da saúde, ademais de calquera outra contemplada na normativa estatal.

Artigo 3.- Actividades e centros afectados.

Quedará suxeito ao previsto nesta norma todos os centros, establecementos e actividades que teñan como finalidade a prestación de servizos sanitarios e socio-sanitarios, recollidos no anexo da presente norma, así como todos aqueles que teñan como finalidade a prestación de servizos sanitarios e socio-sanitarios.

Así mesmo, quedará incluída nesta norma, con carácter xeral, a publicidade sanitaria realizada por calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada debidamente autorizada, no exercicio dunha actividade comercial, industrial, profesional ou de outra índole.

Os centros, establecementos e servizos así como calquera persoa física ou xurídica que non se atope incluída no ámbito de aplicación da presente Lei, non poderá usar na súa publicidade termos que suxiran publicidade sanitaria.

Artigo 4.- Autorización administrativa previa.

Todas as formas de publicidade ás que se refire o artigo 2 desta Lei, deberán ser obxecto de autorización administrativa previa pola Consellería de Sanidade, non podendo realizar ningún tipo de publicidade sanitaria e socio-sanitaria sen a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

previa obtención de autorización administrativa, que deberá ser inscrita no Rexistro creado para tal fin.

Artigo 5.- Requisitos para a autorización administrativa.

Será requisito indispensable para obter a autorización de publicidade sanitaria, que o servizo ou actividade apareza rexistrado no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, cando a normativa así o esixa.

Artigo 6.- Criterios para a difusión das mensaxes publicitarias.

Sen prexuízo de sometemento a normas xerais ou específicas, a publicidade sanitaria e socio-sanitaria definida no artigo 2 deste texto legal, deberá observar os seguintes criterios na difusión das súas mensaxes:

1.- Identificar con toda claridade, rigor, precisión e de xeito obxectivo, o produto ou servizo ao que refire evitando calquera tipo de dúbidas respecto da súa natureza.

2.- Utilizar textos que sexan totalmente comprensibles na súa integridade, evitando terminoloxía e expresións complexas que poidan inducir a engano ou que esaxeren cualidades ou propiedades que non estean suficientemente demostradas ou que poidan levar a algún tipo de confusión respecto de outros produtos.

3.- Incluír as advertencias e precaucións, no caso de ser necesarias, para a informar ás persoas destinatarias dos riscos derivados da utilización do produto ou servizo anunciando.

4.- Non suscitar expectativas que non poidan ser satisfeitas con arranxo a evidencia científica.

5.- Non ofrecer produtos, bens ou servizos aos que se lles atribúan cualidades, características ou resultados que sexan diferentes dos que realmente teñan ou que poidan levar a engano ou inducir a erro ás persoas ás que van dirixidos.

6.- Non conter afirmacións que non poidan ser probadas cientificamente.

7.- Non inducir ao abandono de prescricións ou tratamentos así como á consulta de profesionais.

8.- Non incluír ofertas económicas, rebaixas, premios ou calquera outro tipo de atractivo económico.

9.- Identificar ao profesional sanitario mediante o número de colexiado ou colexiada ou ao centro sanitario mediante o número de autorización sanitaria outorgado pola Consellería competente.

10.- A publicidade ofrecida debe axustarse á oferta real e a documentación e información remitida á persoa usuaria.

11.- En todo caso, adecuar a mensaxe ao establecido no Real Decreto 1907/1996, de 2 de agosto, sobre publicidade e promoción comercial de produtos, actividades ou servizos con pretendida finalidade sanitaria.

Artigo 7.- Solicitude e procedemento.

1.- As persoas físicas ou xurídicas interesadas en realizar a publicidade contemplada no artigo 2 da presente Lei, deberán solicitar autorización á Consellería competente en materia de sanitaria.

2.- O modelo de solicitude será deseñado pola Consellería competente e facilitado pola mesma. En defecto do modelo oficial, o escrito da solicitude deberá conter cando menos os datos que contemple este.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

3.- A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Textos, imaxes e calquera outro dato que informe sobre a publicidade en cuestión.
b) Copia da resolución da autorización administrativa de funcionamento do centro ou actividade que se pretenda publicitar.
c) Informe do Colexio Oficial ou Colexios Oficiais aos que afecten o contido, no que se efectuará unha avaliación xustificativa sobre si procede ou non a autorización.
d) No caso de que a mensaxe ou campaña teña autorización ou denegación por parte da autoridade competente nun ámbito territorial distinto deberá incorporala á solicitude xunto co resto de documentación presentada.

4.- Se a documentación aportada fose considera insuficiente, a autoridade competente, poderá recadar da persoa solicitante os datos que estime pertinentes co apercibimento de que, de non ser así, poderá procederse ao arquivo do expediente.

5.- Durante a tramitación do expediente, a Consellería competente, poderá ordenar que se efectúen as comprobacións que estime oportunas, coa finalidade de verificar a autenticidade do expresado na solicitude para garantir e protexer a saúde pública.

6.- A Consellería competente poderá solicitar informe da Comisión de Control de Publicidade Sanitaria nos supostos nos que, pola súa transcendencia, a amplitude do suposto presentado ou outras razóns que xustifiquen a excepcionalidade.

Artigo 8.- Resolución do procedemento.

A resolución do procedemento de autorización administrativa previa para a publicidade sanitaria e socio-sanitaria, terá en conta a observancia dos principios de transparencia, exactitude e veracidade, así como de todos aqueles establecidos na lexislación xeral e nas normas específicas que versen sobre publicidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

A resolución será adoptada nun prazo non superior a tres meses, contados a partir da presentación completa da solicitude de autorización. Transcorrido dito prazo sen ter notificación da resolución, entenderase outorgada a mesma por silencio administrativo. A denegación da solicitude de autorización deberá ser motivada.

Artigo 9.- Prazo de vixencia.

As autorizacións outorgadas terán un prazo de duración de 5 anos, sempre que non produzan modificacións que alteren o contido da mensaxe publicitaria ou anuncio autorizado.

Cunha antelación mínima de tres meses á data de finalización da súa vixencia, as persoas físicas ou xurídicas anunciantes ou empresas de publicidade, poderán solicitar a súa renovación.

Non será preciso acompañar a solicitude de aqueles documentos que xa obren no poder da Administración e cuxo contido non fora obxecto de modificación.

Artigo 10.- Comisión de Control da Publicidade.

Co fin de exercer as funcións de control e vixilancia da publicidade sanitaria e socio-sanitaria crease a Comisión de Control de Publicidade Sanitaria e Socio-sanitaria.

Artigo 11. Composición da Comisión.

1.- A citada Comisión estará formada por unha presidenta ou presidente e 16 vogais.

O presidente ou presidenta será a persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de servizos sanitarios ou persoa na que delegue.

Os ou as vocais:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

a) Dúas persoas en representación da Administración de sanidade da Xunta designadas pola persoa titular da Consellería de Sanidade. Unha destas persoas exercerá o cargo de secretaria ou secretario da comisión.
b) Tres representantes dos colexios profesionais sanitarios, que rotarán en función da materia obxecto de avaliación por convocatoria da secretaria ou secretario da comisión.
c) Tres representantes de consumidores/as e usuarios/as, a proposta das asociacións legalmente constituídas.
d) Tres persoas en representación das organizacións sindicais.
e) Unha persoa representante por cada unha das universidades públicas.
f) Dúas persoas representantes das asociacións de pacientes e usuarios.
g) Unha persoa en representación das asociacións científicas legalmente constituídas, que rotará en función da materia obxecto de avaliación, por convocatoria da secretaria ou secretario da comisión.

2.- Será obrigatoria a paridade de homes e mulleres na composición do órgano.

Artigo 12.- Funcionamento.

A Comisión, terá a súa sede na da Consellería competente na materia, axustarase, no seu funcionamento ao disposto na lexislación vixente sobre os órganos colexiados.

A Comisión manterá coma un dos seus principios reitores a axilidade na tramitación e resolución das solicitudes e buscará a simplicidade nos trámites burocráticos coa fin de facilitar a actividade das persoas físicas ou xurídicas que soliciten a autorización previa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

Artigo 13.- Funcións.

A Comisión de Publicidade Sanitaria e Socio-sanitaria exercerá as seguintes funcións:

a) Participar, mediante informe, na tramitación das solicitudes de autorización previa.
b) Contribuír ao control e vixilancia da publicidade sanitaria e socio-sanitaria así como ao cumprimento das normas que a regulen. Para o desempeño destas funcións, terá á súa disposición os expedientes administrativos de autorización previa tramitados ou en fase de tramitación, respecto dos cales as persoas integrantes da Comisión deberán manter o deber de sixilo esixente ás e os empregados públicos.
c) Colaborar na elaboración de normas que permitan un correcto desenvolvemento do regulado nesta Lei.
d) Asesorar, a petición da autoridade administrativa competente na materia, sobre temas relacionados coa publicidade sanitaria e socio-sanitaria.
e) Elevar á autoridade administrativa competente na materia, as propostas relacionadas coa publicidade sanitaria e socio-sanitaria, así como os informes específicos que por parte da administración lle sexan solicitados.

Artigo 14.- Rexistro.

Dependente da Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de servizos sanitarios existirá un Rexistro público de Publicidade Sanitaria e Socio-sanitaria, onde serán inscritas as autorizacións administrativas, así como as incidencias que afecten ás mesmas durante a súa vixencia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

Artigo 15.- Inscricións.

1.- Existirán os seguintes tipos de inscricións:

a) De autorización, nas que deberá constar a data de solicitude da autorización administrativa previa, a persoa física ou xurídica solicitante da mesma así como o número de rexistro da autorización outorgada.
b) Marxinais, na que se fará constar calquera tipo de incidencia que a Comisión de Control considere de interese.
c) De baixa, nas que se fará constar a data na que finaliza a vixencia da autorización outorgada, así como o motivo da finalización.

2.- As citadas inscricións serán realizadas de oficio pola autoridade competente.

Artigo 16.- Autoridade encargada do Rexistro.

A autoridade encargada do Rexistro será a persoa que exerza a secretaría da Comisión de Publicidade Sanitaria e Socio-sanitaria, sendo as súas funcións as seguintes:

a) Velar polo bo funcionamento do Rexistro.
b) Cualificar e inscribir os documentos suxeitos a inscrición.
c) Notificar á persoa física ou xurídica solicitante da autorización do outorgamento ou denegación da mesma, así como o número de rexistro correspondente segundo o caso.
d) Expedir a certificación correspondente á inscrición.

Artigo 17.- Identificación da publicidade.

En todas as mensaxes publicitarias suxeitas a disposto nesta Lei deberá expresarse o número de rexistro da autorización administrativa previa. Así mesmo, cando se trate de clínicas ou entidades que anuncien baixo rótulos xenéricos, deberán constar nas súas dependencias a identificación persoal, titulación e situación das persoas profesionais que prestan servizos nas mesmas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

Artigo 18.- Publicidade nos medios de comunicación.

Os medios de comunicación, calquera que sexa o seu domicilio, que realicen a súa actividade a través de delegacións, sucursais, establecementos ou explotacións en territorio galego, non poderán emitir nin inserir a publicidade a que se refire esta Lei, se non vai precedida da correspondente autorización administrativa.

Artigo 19.- Suxeitos responsables.

Son suxeitos responsables, aquelas persoas físicas ou xurídicas, titulares de centros ou actividades afectadas pola norma, así como todas as que realicen publicidade sanitaria no ámbito de aplicación da presente Lei.

Considéranse responsables solidarios da actividade publicitaria regulada na mesma, as persoas anunciantes e as axencias de publicidade, así como as empresas titulares dos medios de comunicación social nos que se realice a mesma se foron previamente previdos da situación irregular.

Artigo 20.- Réxime sancionador.

1.- As infraccións as disposicións contidas na presente Lei poderán ser obxecto de sancións administrativas segundo o previsto na Lei 14/1986 Xeral de Sanidade, a Lei 38/1988, Xeral de Publicidade e la Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, previa instrución do oportuno expediente administrativo conforme ao establecido nas normas que regulan o procedemento administrativo común, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais ou de outra orde que puidesen concorrer.

2.- A difusión das mensaxes publicitarias ás que se refire esta Lei, sen a previa autorización administrativa ou co incumprimento de calquera dos requisitos contemplados no mesmo, poderá dar lugar a suspensión da actividade publicitaria

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

ata que se solucionen os defectos ou se cumpran os requisitos esixidos, non tendo tal medida o carácter de sanción.

Disposición Adicional única.-

A Consellería competente en materia sanitaria ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente Lei.

Disposición Final.-

Esta Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Comunidade.

Disposición Derrogatoria.-

Quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto na presente Lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

ANEXO

- Centros de asistencia hospitalaria de ámbito xeral ou de especialidades.
- Centros periféricos de especialidades.
- Centros de saúde.
- Consultas e clínicas odontoloxía e estomatoloxía.
- Centros de hemodoazón ou bancos de sangue, seme, óvulos, órganos, tecidos e todos aqueles de similares características.
- Laboratorios de análise clínico.
- Centros de hemodiálise.
- Centros de planificación familiar.
- Clínicas de interrupción voluntaria do embarazo.
- Centros de recoñecementos médicos.
- Servizos médicos de empresa.
- Centros de diagnóstico por imaxe.
- Consultas e clínicas de podoloxía-podiatría.
- Centros de fisioterapia e rehabilitación.
- Centros de atención psicolóxica.
- Centros sanitarios dependentes das entidades de seguro libre de asistencia médico-farmacéutica.
- Centros sanitarios das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Centros e clínicas de tratamento e medicina estética.
- Centros de dietética e nutrición.
- Centros socio-sanitarios.
- Centros de formación, docencia e investigación sanitaria, sen prexuízo das competencias reservadas á Administración Xeral do Estado.
- Centros sanitarios móbiles, tales como as ambulancias, equipos móbiles de extraccións ou de atención sanitaria e outros transportes sanitarios.
- Balnearios, saunas e centros ou establecementos de masaxe.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31026
Data envio: 15/05/2018 18:53:15.906

- Establecementos de óptica e optometría.
- Almacenes e distribuidores de produtos farmacéuticos e zoosanitarios.
- Terapia ocupacional.
- Logopedia.

Así como todos aqueles incluídos no RD 1277/2003 do 10 de outubro polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios e os non expresamente incluídos, que teñan como finalidade a prestación de servizos sanitarios e socio-sanitarios incluídos no ámbito de aplicación desta Lei.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018**.**

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/05/2018 18:51:04

Luis Villares Naveira na data 15/05/2018 18:51:14

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

3. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 31529(10/CPP-000065)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das demandas propostas por Galicia en relación coa reformulación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, coñecido como FEMP, e os traballos levados a cabo para a súa consecución

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
29 MAI. 2018
Núm. 31529

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 MAI. 2018
SAIDA
Num. 178

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para informar **"das demandas propostas por Galicia en relación á reformulación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, coñecido como o FEMP, e os traballos levados a cabo para a súa consecución".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director/a Xeral
Data e hora: 29/05/2018 17:34:28

CVE: JaTHCIKcg01
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 32737(10/MOC-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31575, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:06
Nº Rexistro: 32737
Data envio: 22/06/2018 13:06:59.466

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **moción** para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 20 de xuño de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia (doc. núm. 31575).

Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a acadar un acordo, no menor tempo posible, coas Organizacións Sindicais en materia de condicións de traballo e funcións das escalas de axentes forestais e medioambientais e de mellora organizativa e operativa das brigadas de defensa contra incendios forestais, para o período 2018-2020, que recolla polo menos os seguintes aspectos:

1.- Réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos, con especial atención á redución dos horarios de traballo ata igualalo ao resto do persoal da Xunta de Galicia, de xeito que permitan a conciliación da vida laboral, á compensación por gardas e ás axudas de custo por xornadas de traballo de 12 horas.

2.- Mellora do complemento específico, tomando como referencia as correspondentes escalas dos servizos de gardacostas.

3.- Segunda actividade, saúde laboral e programas de igualdade e conciliación.

4.- Réxime de uniformidade, armamento e medios de traballo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:06
Nº Rexistro: 32737
Data envio: 22/06/2018 13:06:59.466

5.- Realización dun regulamento de funcións xerais e específicas da Escala de axentes técnicos en xestión medioambiental, en materia forestal, de prevención, extinción e investigación de incendios e de conservación da natureza, biodiversidade e calidade ambiental.

6.- Modificación das relacións de postos de traballo para a inclusión da Escala de axentes técnicos en xestión medioambiental adscrita ao grupo B e a dotación nos Distritos forestais de postos específicos para investigación de incendios forestais.

7.- A creación das 30 prazas de nova creación comprometidas.

8.- Estrutura de carreira administrativa e promoción profesional.

9.- O aumento progresivo do período de actividade do actual persoal do SPDCIF de carácter fixo descontinuo, así como a necesaria creación de prazas anunciadas nas mesas de negociación.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2018 13:05:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/06/2018 13:05:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 32740(10/MOC-000098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29887, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:19
Nº Rexistro: 32740
Data envio: 22/06/2018 13:19:20.919

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 19 e 20 de xuño de 2018, sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio (10/INT-000982, documento número 29887)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar o servizo de hemodinámica 24h no Hospital Universitario Lucus Augusti, durante o ano 2018.
2. Implantar o servizo de hemodinámica 24h no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, durante o ano 2018.
3. Dotar dunha ambulancia medicalizada ao distrito sanitario de O Salnés, durante o ano 2018.
4. Realizar un estudo sobre o transporte sanitario aos afectados por infarto agudo de miocardio, que determine as distintas posibilidades de traslado aos posibles hospitais e determine a mellor opción para os pacientes en función do distrito sanitario ao que pertenzan. Este estudo será exposto publicamente a través da comisión 5ª do Parlamento de Galicia, durante o ano 2018.
5. Remitir aos grupos políticos do Parlamento de Galicia un informe actualizado cada 6 meses dos datos estatísticos do Regaliam que permitan facer unha análise o máis completa posible da situación e da evolución da atención ao IAM.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:19
Nº Rexistro: 32740
Data envio: 22/06/2018 13:19:20.919

Grupo Parlamentario
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2018 13:18:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2018 13:18:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 32745(10/MOC-000099)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31237, publicada no BOPG nº 312, do 30.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32745
Data envio: 22/06/2018 14:02:13.982

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción para a substanciación da Interpelación 10/INT-001040 (31237),** sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo.

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Retirar os expedientes disciplinarios iniciados contra as auxiliares de enfermería do Novo Hospital de Vigo polo conflito da roupa sucia.
- Negociar coa Xunta de Persoal do Novo Hospital de Vigo ás demandas e necesidades das traballadoras e traballadores.
- Remitir nun prazo non superior a un mes, os informes da Comisión Mixta de seguimento en relación á execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria do Novo Hospital de Vigo.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32745
Data envio: 22/06/2018 14:02:13.982

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/06/2018 13:59:07

Luis Villares Naveira na data 22/06/2018 13:59:16

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

5. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 26542(10/PNP-001875)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:53
Nº Rexistro: 26542
Data envio: 20/02/2018 12:53:11.342

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente apareceron novas nos medios de comunicación sobre a posible venda do Pazo de Meirás por parte dos herdeiros do ditador Francisco Franco. Iso podería significar que os Franco se lucren de novo, ingresando varios millóns por un patrimonio roubado ao pobo de Meirás.

Defenderemos todas as vías necesarias para que isto non aconteza e se logre a incorporación do Pazo ao patrimonio público a custo cero.

A urxencia da situación obriga a que os poderes públicos, así como as distintas mesas e xuntas (a constituída pola Xunta e a promovida pola Deputación) definan e precisen canto antes, e á maior brevidade, cal é a estratexia xurídica e procesual para acadar tal obxectivo de incorporación a tal custo cero para as arcas públicas.

En cumprimento da resolución acordada polo Pleno do Parlamento de Galicia polo que se instaba á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:53
Nº Rexistro: 26542
Data envio: 20/02/2018 12:53:11.342

o pobo de Galicia, o pasado 29 de novembro constituíuse unha Comisión de Expertos.

Dita comisión tivo tres sesións de traballo e prevese, no mellor dos casos, que estean rematados os traballos e presentadas as conclusións ao fío do verán.

Do mesmo xeito, a Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación da Coruña ,desde a súa constitución, ten celebrado varias xuntanzas e encargado varios estudos, inclusive xurídicos, ao respecto.

En efecto, A Xunta coñece perfectamente o réxime de tutelas e garantías en suposto de transmisión dun BIC, como tamén é coñecedora da vergoña da detentación polos herdeiros do ditador da propiedade do Pazo polo que a urxencia da situación non admite dilacións nin demoras en precisar cando e como o Pazo de Meirás pode pasar a patrimonio público, así como os efectos legais derivados da, no seu caso, nulidade da adquisición da propiedade por Francisco Franco sobre a venta anunciada agora.

Neste contexto a axilidade nas actuacións é fundamental para chegar a tempo ás posibles solucións xurídicas que xurdan do traballo das comisións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que a partir dos traballos da Comisión de expertos para a recuperación do Pazo de Meirás, que debe de ser convocada de xeito urxente, aclare e defina a estratexia de cando e como se vai poder acadar o obxectivo da incorporación gratuíta do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:53
Nº Rexistro: 26542
Data envio: 20/02/2018 12:53:11.342

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Luca Chao Pérez,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/02/2018 12:49:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 12:49:28

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 12:49:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 30403(10/PNP-002252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:18
Nº Rexistro: 30403
Data envio: 03/05/2018 17:18:40.204

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, publicada no DOG do 25 de abril de 2014, trátase da primeira norma dunha comunidade autónoma que ampara a diversidade sexual e establece medidas concretas para protexer as distintas manifestacións da sexualidade.

A lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo. Tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración coas entidades LGTBI.

Ademais, todo o citado acompáñase de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

A partir destes mandatos xerais, entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza, laboral, familiar, de saúde, de educación, cultura e lecer, deporte, mocidade e

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:18
Nº Rexistro: 30403
Data envio: 03/05/2018 17:18:40.204

comunicación.

A pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas, e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a miúdo nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

Durante estes anos de vixencia, tal e como teñen denunciado en numerosas ocasións as entidades LGTBI, o Goberno galego incumpriu moitos dos compromisos dispostos nesta norma, entre eles a disposición adicional na que se lle insta a de maneira trianual, remitir un informe ao Parlamento de Galicia sobre a aplicación da presente lei, unha avaliación que leva xa un ano de retraso.

Unha vez celebrado xa o cuarto aniversario da súa promulgación, non coñecemos tampouco ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario, nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*
2. Remitir á Cámara galega antes de 3 meses, un informe sobre a aplicación desta lei.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:18
Nº Rexistro: 30403
Data envio: 03/05/2018 17:18:40.204

3. Consensuar antes de que remate o ano o desenvolvemento da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais* coas organizacións LGTBI galegas e as demais administracións implicadas.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 17:16:33

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:16:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2018 17:16:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 31955(10/PNP-002399)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Magdalena Barahona Martín ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos (Tui) urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

Pola contra, e dúas semanas despois da explosión, a Xunta de Galicia está amosando a súa incapacidade para xestionar unha catástrofe ben concreta e localizada, o que evidencia a súa incompetencia, que se traduce nun abandono da poboación á súa sorte, algo inaceptable para En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

Por estas razóns, e tras escoitar activamente as necesidades da veciñanza, dende En Marea presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a incorporar as seguintes medidas no Decreto de axudas no que se materialice a actuación da Xunta de Galicia:

1.- DANOS PARTICULARES

1.1. Indemnizacións ás persoas falecidos. As indemnizacións por falecidos equipararanse ás do decreto dos lumes do mes de outubro.

1.2. Danos persoais. Persoas lesionadas. As indemnizacións por falecidos equipararanse ás do decreto dos lumes do mes de outubro.

1.3. Asistencia psicolóxica ás vítimas.

1.3.1. Inmediata dotación de persoal especializado en asistencia psicolóxica no centro de saúde de TUI e o desenvolvemento dun plan de atención psicolóxica na contorna de Paramos.

1.3.2. Plan de catástrofes (denominado tecnicamente incidente de múltiples vítimas). Aprobación inmediata do Plan de Catástrofes do Hospital Álvaro Cunqueiro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

1.4. Danos materiais.

1.4.1. Danos en inmobles.

- **Vivenda habitual:** Modificación da proposta neste sentido: Cobertura do 100% do valor de reposición demostrado, sen límite referenciado na VPO.

- **Vivenda non habitual**. Modificación da proposta neste sentido: Cobertura do 100% do valor de reposición demostrado, sen límite referenciado na VPO.

- **Sobre a situación urbanística das vivendas**: Primacía na reposición previa dos inmobles sobre a súa situación de adecuación urbanística. En todo caso, o procedemento de reconstrución debe ser obxecto de planificación pública para a coordinación de todo o lugar.

1.4.2. Danos en bens das parcelas e o interior das vivendas:

- **Enxoval** : modificación da proposta neste sentido: 100% do valor de reposición demostrado, sen límite de 3000 €, se o demostrado é maior.

- **Danos de instalacións complementarias**: modificación da proposta neste sentido: 100% do valor de reposición demostrado, sen límite de 3000 €, se o demostrado é maior.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

- **Acreditación do valor:** non se esixirán tres orzamentos para bens de escaso valor comercial ou de difícil dispoñibilidade do mercado, tal como se fixo no Decreto dos lumes, que imposibitou o aboamento de moitos bens queimados, nomeadamente ferramentas e cargas de leña.

1.4.3. Desentullo.

A xunta asuma as labores de desentullo, e realizarao mediante a adxudicación da obra mediante concurso, cuxas características de contratación consideren, cando menos, as seguintes circunstancias:

- Rescate de efectos persoais e de valor sentimental, nun contexto de seguridade e saúde no traballo e para as persoas afectadas;
- con reaproveitamento para a reconstrución dos materiais nobres servibles (cachotes de pedra, vigas, etc.)

1.4.4. Cuestións procedimentais.

- Asunción de todos os custos pola Administración, con **subrogación** da acción directa fronte a aseguradora;

- **Prazos de reclamación** de 60 días, con inicio da tramitación a medida que se vaian presentando, dando a modalidade de axuda establecida, para axilizar os cobros e o inicio da reconstrución.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

- **Oficina de reclamacións**. Incorporarase de xeito inmediato a seguinte dotación:

    - gabinete de asesoramento técnico (arquitectos ou arquitectos técnicos) para ir adiantando trámites e dar ordes executivas para neutralizar riscos para as persoas ou bens.
    - Gabinete xurídico para asesorar sobre aspectos legais das intervencións que son preciso realizar (reconstrución dos títulos de propiedade e outros dereitos, licenzas precisas..).

- **Tramitación de axudas.** Articularase a simultánea tramitación de intervencións de gran recorrido (reconstrución integral) coa reposición de elementos (fiestras, retellado etc).

- **bolsas de empresas colaboradoras**. Concello e Xunta crearán unha bolsa de empresas de diferentes oficios, de xeito indicativo e non exhaustivo, para facilitar ás persoas afectadas o encargo das reparacións.

- **Celeridade nos trámites:** A xunta axilizará ao máximo posible a tramitación dos procedementos, en materia de licenzas e autorizacións, para o comezo das obras de rehabilitación e reconstrución, con disposición de persoal adicional, se preciso fose, para garantir o cumprimento escrupuloso de prazos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

- **Xestión conxunta e integrada de trámites na subministración de determinados servizos e bens de consumo**. A Xunta realizará a xestión marco para facilitar a baixa de servizos nas seguintes áreas:

  - a baixa temporal de todos os servizos públicos e a exención do pago, unha vez que pasan pola oficina de reclamación (IBI; Lixo..);
  - E nas privadas, tamén, que se dispense da individualización da xustificación (auga, luz, telefonía), mediante a comunicación entre Xunta e o regulador de cada sector.

1.4.5. Obrigas tributarias. Evitarase como requisito a obriga dos cidadáns/ás de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias para o acceso ás axudas.

1.4.6. aloxamento provisorio.

1.4.6.1. Indemnizaranse os gastos ocasionados polo aloxamento a hoteis e albergues que abriron voluntariamente as súas portas á veciñanza.

1.4.6.2. Poñerase á disposición da veciñanza da vivenda pública baleira que poda existir no Concello titularidade da Xunta e facilitarase a localización de inmobles dispoñibles para o realoxamento provisional das persoas afectadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

1.4.7. Vehículos. Valoraranse os vehículos consonte o custo efectivo de reposición.

1.4.8. Outras circunstancias de animais en réxime de explotación de autoconsumo. Reclamamos que sexan valoradas coma no Decreto dos lumes.

2. - DANOS PROFESIONAIS

2.1 Establecementos profesionais ou industriais, negocios. Realizarase a reposición dos locais de negocio no lugar anterior á explosión.

3.- COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA NA RECONSTRUCIÓN DA ZONA ARRASADA.

3.1. Instarase de xeito urxente a colaboración entre administracións (autonómica, provincial e local) para unha ***reconstrución modélica*** da zona arrasada, presidida polo interese público. Neste sentido propoñemos tres eixos complementarios:

3.1.1. ***Reurbanización integral***. Mellora e dotación de servizos urbanísticos, en colaboración coa Deputación, que ten o fondo dispoñible (deber do Concello), e en colaboración coa Consellería de vivenda IGVS. A finalidade é a reposición, mellora ou establecemento de servizos públicos (rede de subministro de augas e evacuación de pluviais e fecais; camiños

públicos, alumeado, integrado conforme os criterios descritos na LSG e na normativa municipal).

3.1.2. ***Asesoría ambiental e urbanística*** na reconstrución das vivendas, para mellora da habitabilidade e eficiencia enerxética.

3.1.3. ***Intervención de servizos sociais*** para solventar a mobilidade, verificar a acollida dos orfos, e garantir a inclusión social de toda a veciñanza, mesmo na distribución das axudas.

3.2. A Xunta abrirá unha liña de diálogo co Estado para a **activación dos fondos de continxencia** a que houbese lugar para complementar as liñas orzamentarias dispostas polas administracións galega provincial e local.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/06/2018 14:58:23

Antón Sánchez García na data 06/06/2018 14:58:36

Carmen Santos Queiruga na data 06/06/2018 14:58:42

Paula Vázquez Verao na data 06/06/2018 14:58:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/06/2018 14:58:51

Eva Solla Fernández na data 06/06/2018 14:58:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envio: 06/06/2018 15:00:30.576

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 06/06/2018 14:58:58

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2018 14:59:01

Magdalena Barahona Martín na data 06/06/2018 14:59:04

José Manuel Lago Peñas na data 06/06/2018 14:59:08

Francisco Casal Vidal na data 06/06/2018 14:59:11

David Rodríguez Estévez na data 06/06/2018 14:59:14

Marcos Cal Ogando na data 06/06/2018 14:59:17

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/06/2018 14:59:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 32077(10/PNP-002415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32077
Data envio: 07/06/2018 19:16:03.295

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Pleno do 19 de decembro de 2017 aprobouse a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG o 2 de xaneiro de 2018, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No trámite desta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda que citamos textualmente:

“Emenda nº43, de adición. Disposición derradeira cuarta

Debese engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:

Disposición derradeira cuarta bis.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma publicará nun prazo máximo de seis meses, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual."

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A ONU declarou en 1980 que a violencia machista é o crime máis encuberto do mundo. Este recoñecemento internacional cristalizou grazas a décadas de denuncia do feminismo para situar na primeira orde do debate social e político a existencia dunha violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de selo, unha violencia caracterizada tamén pola súa invisibilidade e ocultamento social.

A violencia exercida contra as mulleres ten sido historicamente ocultada, invisibilizada e non priorizada nas axendas políticas. Aínda foi no ano 1993 cando a Asemblea Xeral da ONU aprobou a «Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller», na que recoñece que «a violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller, e que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home». No seu artigo 1º define, por primeira vez no marco internacional, a violencia cara á muller como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30285
Data envio: 02/05/2018 11:28:14.815

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada». As violacións son unha das manifestacións máis crueis desta violencia contra as mulleres e debe ser obxecto de toda a sociedade a súa repulsa e combate.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, continúa a ser un importante problema na nosa sociedade diante do que as administracións deben poñer todo o seu compromiso para o seu cumprimento efectivo, para o que son precisos recursos e a actualización do marco normativo así como a posta en marcha de medidas concretas que abrangan a complexidade das agresións machistas contra as mulleres.

É preciso recordar a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, continúa a ser un importante problema na nosa sociedade diante do que as administracións deben poñer todo o seu compromiso. Segundo os datos do Ministerio de Interior foron denunciadas en Galiza no ano 2017 ata 44 agresións sexuais con penetración e 415 denuncias acaparan restantes delitos contra a liberdade sexual. Así mesmo, cómpre reflexionar sobre todos aqueles casos que quedan no silencio. Algúns deles, reflexados na iniciativa social Mapa do Medo que, a través das redes sociais, recompilou agresións e testemuñas.

Os poderes públicos debemos comprometernos con construír unha sociedade máis xusta onde o machismo e as violacións e agresións sexuais non teñan cabida nin a máis mínima tolerancia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30285
Data envio: 02/05/2018 11:28:14.815

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

-Que medidas específicas para a eliminación das agresións sexuais ten deseñado ou vai deseñar o goberno galego?

-Considera a Xunta de Galiza que ten desenvolto de forma suficiente o contemplado a respecto das violencias sexuais na Lei 11/2007 de violencia de xénero?

-Ten avaliado de forma cuantitativa e cualitativa a incidencia das agresións sexuais na sociedade galega? A través de que ferramentas? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que ten explorado de forma suficiente a incidencia das agresións sexuais na mocidade e a través das novas formas de mensaxería e comunicación, como as redes sociais? Con que actuacións? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que a atención específica a vítimas de violencia sexual está suficientemente dotada e desenvolta?

-Pensa o goberno galego que son suficientes e funcionan os protocolos e/ou instrucións adoptadas no ámbito sanitario? E no ámbito policial? E no xudicial?

-Canto á sensibilización e formación, pensa a Xunta de Galiza que se ten impulsado que a sociedade considere as violacións e agresións sexuais como violencia machista?

-Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de que as denuncias de delitos sexuais sexan tramitadas a todos os efectos como violencia machista? Ten trasladado esta cuestión aos organismos competentes?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30285
Data envio: 02/05/2018 11:28:14.815

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a necesidade de desenvolver campañas de concienciación que poñan o foco sobre os agresores?

-Ten desenvolvido medidas o goberno galego para, en colaboración con outras administracións e institucións, desenvolver espazos máis seguros para as mulleres?

-Que indicadores emprega o goberno galego para facer seguimento da violencia sexual e do acerto ou non das súas políticas?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2018 11:19:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30285
Data envio: 02/05/2018 11:28:14.815

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2018 11:19:05

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2018 11:19:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2018 11:19:09

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2018 11:19:11

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2018 11:19:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 32461(10/INT-001090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32461
Data envio: 14/06/2018 18:51:50.706

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Luis Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** relativa aos informes de impacto medioambiental do Proxecto da Mina Touro-O Pino

Todos os ríos e regatos que arrodean a antiga mina de cobre de Touro e O Pino están contaminados. Confírmao Augas de Galicia cos datos das analíticas realizadas en todos os puntos de control da contorna da explotación mineira. Os resultados das análises, solicitados pola entidade ecoloxista Adega o pasado 9 de abril, son demoledores. Que saian á luz non nos sorprende, o que sorprende é que Augas de Galicia e a Xunta non tomasen medidas antes se coñecían de sobra a situación.

O resumo do achegado por Augas de Galicia é que: "a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando a calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 quilómetros cadrados na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos". Unha advertencia do que foi e do que podería pasar cunha nova megamina de máis ampla extensión.

Os datos que achega Augas de Galicia sobre as estacións de control de calidade demostran a elevada contaminación. No que ten que ver coas augas soterradas, por exemplo no rego de Pucheiras, a calidade ambiental é moi baixa pola presenza de substancias das denominadas prioritarias en canto á calidade das augas. Achouse cadmio e níquel, ademais de superarse as medias anuais de cobre

e zinc e unha alta acidez. Hai tamén cantidades doutros metais que superan os valores fixados para as augas de consumo.

A contaminación por metais pesados das augas soterradas esténdese no tempo até a actualidade, xa que recentes ensaios realizados entre 2017 e 2018 seguen amosando altas cantidades de cobre e zinc.

Do mesmo xeito, os resultados da estación que monitoriza a captación de augas superficiais para consumo humano amosan que se superaron en dous anos (2010 e 2013) os niveis de cadmio, ademais de darse valores altos noutras substancias contaminantes en 2016. No río Lañas, pola súa banda, tamén hai datos que amosan recentes picos de pH ácido en 2017 e superación dos valores paramétricos de aluminio e manganeso, o que requiriría dunha intensa depuración das augas para un posible consumo humano.

En canto aos datos do río Ulla, detéctanse picos de ferro en 2008 e 2013, aínda que os datos analíticos neste caso son insuficientes para valorar a calidade das augas e a súa evolución no tempo ou situación actual. Por todo elo sería imprescindible ampliar ditos estudos.

No que ten que ver coas mostraxes de vertidos, os datos facilitados por Augas de Galicia demostran que unha enxurrada de metais pesados baixa desde a mina ao Ulla. Así, aparecen importantes concentracións de cobre e zinc, ademais de cantidades de aluminio e manganeso tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos. Moitos destes datos negativos déronse en análises recentes e corresponden ao curso medio do río, a máis de 10 quilómetros das antigas cortas mineiras.

Ademais, a bacía do río Brandelos tamén conta cunha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente cobre e zinc, así como unha elevada acidez, así como outras moitas substancias daniñas nun río que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro. No caso do río Lañas, que drena unicamente esta última corta, a problemática é similar. Ademais, os resultados analíticos das canles sometidas a tratamentos de rexeneración, tal e como indica

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32461
Data envio: 14/06/2018 18:51:50.706

Augas de Galicia, amosan a persistencia de altos niveis de metais pesados mesmo despois dos supostos “tratamentos”.

Por outra parte, sen telos aínda na nosa posesión, chégannos referencias dos informes de varios departamentos da Xunta sobre a mina de Touro - O Pino. En todos eles identifícanse numerosos aspectos negativos ou deficiencias na documentación.

Así, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias, advirte que a "reapertura de mina de cobre pode afectar gravemente á gandaría da zona se chegan a contaminarse os terreos derivados desa actividade ao poder ocasionar unha intoxicación por cobre da gandaría".

O Servizo de Montes de Medio Rural cualifica de "dificilmente viable" a promesa de Cobre San Rafael de rexenerar o terreo. Este departamento lembra que unha explotación mineira non está contemplada para a actual cualificación urbanística do terreo.

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública identifícanse numerosas carencias na proposta da mineira. Por exemplo, a promotora non identifica a poboación afectada, nin os usos da auga, nin avalía a posible contaminación por gas radón. Ademais, apunta a que "o plan de rehabilitación e peche non contén información detalla referente ao mantemento dos sistemas para o control e tratamento de drenaxes acedas".

A Dirección de Patrimonio Natural redacta un dos informes máis críticos. Así, sinala "incongruencias" nas medidas a tomar unha vez que conclúa a vida útil da mina. A promesa de depurar todas as augas "non se corresponde coa realidade, ao ser inevitables as filtracións".

Por último, Augas de Galicia informa que a documentación presentada "resulta ser insuficiente e non adecuada para emitir, en base a ela, unha correcta valoración de todas as posibles afeccións".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32461
Data envio: 14/06/2018 18:51:50.706

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Ante estes resultados de Augas de Galicia, e os informes dos diferentes departamentos administrativos damos por feito que a Xunta de Galicia non pode ser tan insensata de aprobar o Proxecto da Mina de Touro-O Pino.

Por todo o dito, **En Marea presenta a seguinte Interpelación:**

1.- Como valora a Xunta de Galicia todos os informes xa recibidos?

2.- Considera a Xunta de Galicia todos estes contundentes informes suficientes para ditaminar unha avaliación medioambiental negativa e non subsanable e, polo tanto, rexeitar de maneira definitiva o proxecto?

3.- A vista dos informes comentados, e unha vez rexeitado o novo proxecto para a mina, pensa a Xunta de Galicia exixir, aos actuais concesionarios da explotación, as accións necesarias para unha adecuada rexenaración ecolóxica e medioambiental das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32461
Data envio: 14/06/2018 18:51:50.706

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Francisco Casal Vidal na data 14/06/2018 18:50:08

Antón Sánchez García na data 14/06/2018 18:50:17

Marcos Cal Ogando na data 14/06/2018 18:50:24

Luis Villares Naveira na data 14/06/2018 18:50:35

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

7.1 33015(10/POPX-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a manipulación dos medios de comunicación públicos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:27
Nº Rexistro: 33015
Data envio: 02/07/2018 18:27:08.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera democrático que o seu goberno incumpra a Lei da CRTVG manipulando os medios públicos ao servizo do PP?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2018 17:04:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 33016(10/POPX-000101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o prazo previsto para o impulso da axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:27
Nº Rexistro: 33016
Data envio: 02/07/2018 18:27:21.882

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como ten previsto impulsar a axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia que precisa o noso país?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/07/2018 16:00:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 33017(10/POPX-000102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o uso en beneficio propio ou partidario das institucións e medios públicos de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:29
Nº Rexistro: 33017
Data envio: 02/07/2018 18:29:24.601

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, cando van deixar de utilizar as institucións e medios públicos en beneficio propio ou partidario?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 02/07/2018 17:38:29

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 10.07.2018 Hora: 10:00

Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 32447(10/POP-003768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas á tomar para que as persoas afectadas pola explosión de Paramos poidan recuperar canto antes as súas vidas.

O pasado 23 de maio produciuse unha traxedia no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular. Traxedia que se levou por diante a vida de dúas persoas,37 persoas feridas innumerábeis danos, 31 vivendas totalmente destruídas, arredor de 86 coa estrutura moi danada, en total 311 vivendas con algún nivel de afectación, 66 vehículos afectados, empresas...

A situación require actuacións áxiles, efectivas e resolutivas, as persoas afectadas por suposto non queren tirar ningún beneficio da catástrofe, mais tampouco saíren prexudicadas dunha situación da que non son en absoluto responsábeis. Tan só demandan recuperar as súas vidas nas condicións que estaban antes da criminal explosión.

Pasado xa un certo tempo desde a explosión as persoas afectadas están a trasladarnos que a xestión que se está a realizar polas administracións competentes non está sendo suficientemente eficiente, nin áxil, teñen sensación de certo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abandono e empezan a temer que todo se empece a dilatar no tempo, e que as axudas non van ser suficientes.

Eses temores empezan a verificarse. O xoves 7 de xuño o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.

Esta orde de axudas non se axusta ás necesidades das persoas afectadas en canto ás contías para reparar os danos ocasionados nas vivendas, que demandan se axuste ao custe 100% da mesma e non ao valor reverenciado na vivenda de protección oficial. O que establece a orde en algúns casos serán suficiente, mais en outros claramente insuficiente, quedan moi por debaixo do prezo das vivendas.

Base cuarta. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes.

1. Serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión na vivenda que constitúa a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederase polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmoble danado, a axuda concederase polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Deste xeito en vivendas de residencia permanente e habitual, o importe máximo da subvención ante situación de ruína ou rehabilitación de danos será de 109.150 euros. Polos danos no enxoval doméstico a axuda será de 16.373 euros en vivendas ruinosas e do 100% dos gastos até un límite de 3.000 euros en vivendas a rehabilitar.

No caso de vivendas que non sexan residencia permanente e habitual, ante situación de ruína ou rehabilitación a subvención máxima será de 43.660 euros; e polo enxoval domestico en vivendas ruinosas será de 5.458 euros e en vivendas a rehabilitar cubrirase o 40% dos gastos até 3.000 euros.

No referido ao enxoval :

3. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade das vivendas danadas cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións. Soamente se concederá unha axuda para o enxoval doméstico por cada vivenda danada.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constitúan a residencia permanente e habitual das súas persoas moradoras, o importe da axuda será de 16.373 euros.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será de 5.458 euros.

Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda permanente e habitual ou o da vivenda ocasional, respectivamente e cun límite máximo de 3.000 euros.

Tampouco responde ás demandas das persoas afectadas, que reclaman o 100% do valor de reposición demostrado se é maior.

Así mesmo non entendemos a razón de que non se inclúe na orde axudas para a reposición de vehículos nin para empresas.

Do mesmo xeito é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recadar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.

Outra das maiores preocupacións das persoas afectadas é a tardanza do inicio das labores de desentullo, e de eliminación de riscos da zona. Dada a magnitude da explosión , o número de vivendas afectadas pola mesma, a existencia de materiais perigosos como o amianto e material explosivo que sigue a aparecer, os traballos para proceder ao desentullo supoñen uns elevados custes económicos así como unha complexidade do proceso de desamiantado ao ter que se desenvolver por medio de protocolos específicos custosos e duradeiros no tempo, por empresas autorizadas, que superan a capacidade por suposto d@s propietari@s, da propia administración local, e que de non levarse a cabo coa urxencia debida pode provocar unha alta contaminación na zona e un problema de saúde pública.

Así mesmo, debe procurarse que as familias afectadas, poidan na medida das posibilidades, comezar a reconstruír as súas vidas para o que se precisa levar a cabo esas obras de desentullo a fin de que poidan comezar as obras de rehabilitación e reconstrución das súas vivendas.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está o Goberno galego levando a cabo unha actuación á altura da magnitude da catástrofe acaecida en Paramos, Tui?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:37:41

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:37:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:37:47

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:37:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envio: 14/06/2018 17:39:54.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:37:50

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:37:51

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 33010(10/PUP-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das posibles consecuencias da sentenza núm. 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valedora do pobo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 17:28
Nº Rexistro: 33010
Data envio: 02/07/2018 17:28:44.538

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta** oral **urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada polas consecuencias que se derivan da sentenza nº 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a Valedora do Pobo.

O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, en Galicia, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución. Constitúe, ademais, o faro da Transparencia na nosa Comunidade Autónoma, como supremo garante do acceso de todas as persoas á información pública.

O venres 29 de xuño deste ano, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaba a sentenza nº 327/2018, pola que, apreciando desviación de poder e arbitrariedade na resolución da Valedora do Pobo (fundamento xurídico sexto), estimaba a demanda interposta contra a resolución de 4 de marzo de 2016 que decidira a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe de servizo de Administración e Persoal da institución do Valedor do Pobo, e anulaba a dita resolución con expresa imposición de custas. Esta sentenza puxo de manifesto o notorio incumprimento das obrigas e deberes do cargo da propia Valedora do Pobo quen, segundo a propia sentenza no seu fundamento xurídico cuarto, vulnerou flagrantemente o procedemento relacionado coa imparcialidade no proceso de selección.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 17:28
Nº Rexistro: 33010
Data envio: 02/07/2018 17:28:44.538

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que a Valedora do Pobo está lexitimada para continuar no seu cargo despois da sentenza nº 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/07/2018 17:28:00

Raúl Fernández Fernández na data 02/07/2018 17:28:07

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/07/2018 17:28:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 32640(10/POP-003793)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e dar a coñecer no ámbito educativo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:21
Nº Rexistro: 32640
Data envio: 20/06/2018 13:21:42.379

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** relativa aos dereitos das persoas LGTBI.

O Parlamento Europeo vén de emitir o seu informe sobre a situación dos dereitos fundamentais na unión en 2016, con data 13 de febreiro de 2018, no cal anima a los Estados membros a que adopten leis e políticas de loita contra a homofobia e a transfobia e insta á Comisión e aos Estados membros a que traballen en estreita cooperación coas organizacións da sociedade civil que traballan a prol dos dereitos das persoas LGBTI.

Entre outros documentos internacionais nos que se recolle de xeito explícito o dereito á non discriminación por orientación sexual, podemos citar os Principios de Yogyakarta, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do ano 2000, onde se prohibe a discriminación exercida por causa de orientación sexual entre outras; a Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gais, na que se insta a todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas; a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006; a Resolución 17/19 do 2011, do Consello da ONU que recoñece os dereitos dos colectivos LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero; as Directivas 2000/43/CE e 2000/78/C incorporadas a lexislación estatal

mediante a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

A Lei 2/2014 Lei 2/2014 pola igualdade e non discriminación de persoas LGTBI en Galicia recolle no capítulo referido ao ámbito educativo que a Administración ten que promover a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, te asemade desenvolver programas de formación do persoal docente, ben sexa co xa existente e no estabelecemento de pautas para incorporar a realidade LGBTI aos plans de estudos de Grao ou Mestrados de titulacións conducentes á docencia en calquera etapa educativa".

A Consellería debera dicirnos se existen traballos de divulgación da realidade LGTBI entre as ANPAS. O único ao que parece limitarse a Consellería é a recoller na orde do calendario escolar unha simple declaración instando aos centros a que actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Máis nada.

A administración Educativa amosa desleixo. Na maioría dos casos desenvólvense poucas actividades de visibilidade e respecto da diversidade afectivo-sexual. É obriga da Consellaría desenvolver a propia Lei, co obxectivo de loitar contra o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e de promover, dunha maneira efectiva, unha formación docente que garanta que o profesorado conta con todas as ferramentas precisas para apoiar a igualdade de xénero e conseguir así que os centros sexan realmente coeducativos e respectuosos coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar; libres por tanto de prexuízos, sexismos ou homofobias.

Sabemos que no curso 2017-18 se activaron en 12 centros educativos galegos activaron o protocolo para garantir a igualdade. É probable haxa máis casos, segundo a presidenta de Arelas, a Asociación de Familias de Menores Trans, Cristina Palacios. Os casos das provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra, e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:21
Nº Rexistro: 32640
Data envio: 20/06/2018 13:21:42.379

en concreto algúns orientadores/as puxéronse en contacto con ela para buscar asesoramento.

Dende En Marea compartimos a idea e a necesidade de promover un ensino laico e de calidade que integre a dignificación e o recoñecemento das diferentes opcións sexuais e a diversidade familiar, educando na liberdade para enfocar a vida persoal e sexual de cada quen, a través da visibilidade desta realidade diversa nas materias educativas, impulsando e apoiando aquelas producións culturais e didácticas que inclúan a realidade LGTBI para potenciar referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade, poñendo especial fincapé na súa divulgación nos centros de ensino infantil, medio e superior".

As docentes e os docentes teñen un papel importante para favorecer e promover entre o alumnado o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero. Profesoras/es e alumnos/as poden converterse en axentes activos de difusión. Sabemos que só desde o rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas, poderemos construírmos unha sociedade máis libre e mellor". As deputadas e deputados temos a obriga de instar á Consellería para que asuma a súa responsabilidade.

Na nomeada lei de Galicia, a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, na súa disposición adicional, recóllese a información ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta lei con carácter trianual, por parte da Xunta de Galicia.

Pasados os tres anos este informe non se remitiu a día de hoxe e nin tan sequera consta que se estea elaborando.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:21
Nº Rexistro: 32640
Data envio: 20/06/2018 13:21:42.379

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que fixo o Goberno por divulgar a realidade LGTBI e loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, para dar a coñecer esta lei no ámbito educativo?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2018 13:11:59

Luca Chao Pérez na data 20/06/2018 13:12:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 30993(10/POP-003607)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:35
Nº Rexistro: 30993
Data envio: 15/05/2018 17:35:48.953

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

As Directrices de Paisaxe son, segundo o artigo 10 da Lei 7/2008, determinacións fundamentadas no Catálogo das paisaxes que establecen para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística.

A lei tamén establece que os obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso na protección da paisaxe, polo que a determinación destes obxectivos debe partir dun proceso de participación pública.

O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de Paisaxe tivo lugar entre febreiro e abril de 2016.

Tal e como establece a Lei 7/2008, as Directrices de Paisaxe inclúen:

- Os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.

- Normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Estas determinacións impleméntanse mediante directrices de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

O borrador de Directrices de Paisaxe, actualmente en tramitación, inclúe:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:35
Nº Rexistro: 30993
Data envio: 15/05/2018 17:35:48.953

1. Directrices xerais para a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico, noutros instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.

2. Directrices para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe: infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.

3. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada Grande Área Paisaxística e das diferentes unidades de paisaxe.

4. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de AEIP e AEAP.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite de avaliación ambiental das Directrices de Paisaxe.

Feijóo anunciou naquel momento que as Directrices serían aprobadas en 2017 facendo fincapé en que as Directrices de paisaxe son un deber legal, tal e como figura na Lei de protección de paisaxe de Galicia, e un deber colectivo da sociedade, xa que fai falta diagnosticar os obxectivos de calidade e garantir unha mellor xestión e protección.

Un ano e medio despois as Directrices de Paisaxe seguen sen aprobarse, segue sen aprobarse a Avaliación Ambiental, mentres si avanzan, por exemplo, os proxectos de instalación de parques eólicos polo país, que se proxectan sen os condicionantes cos que deberían de contar no caso de que fosen unha realidade ditas Directrices.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:35
Nº Rexistro: 30993
Data envio: 15/05/2018 17:35:48.953

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cal é o motivo polo cal non están aprobadas as Directrices de Paisaxe no prazo prometido polo Presidente da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/05/2018 17:28:39

Marcos Cal Ogando na data 15/05/2018 17:28:47

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 31312(10/POP-003642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:05
Nº Rexistro: 31312
Data envio: 24/05/2018 11:05:41.395

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o ano 2009, Augas de Galicia ten aberto seis expedientes sancionadores ao Concello de Barreiros, na provincia de Lugo, tres deles relacionados co lugar de San Miguel de Reinante, na praia de Arealonga. O mesmo organismo xa redactara un proxecto de nova EDAR para este lugar, mais este proxecto está na actualidade en supervisión, en fase de avaliación e revisión.

Ademais dos custes das propias sancións para un concello pequeno como Barreiros, os efectos medioambientais que supón a falla de EDAR nunha zona de especial protección (ZEC, ZIP e Rede Natura) son nefastos, tamén porque o resto de depuradoras do concello non funcionan debidamente.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que opina o Goberno galego da afectación medioambiental negativa que está a ocorrer no lugar de San Miguel de Reinante, en Barreiros (Lugo) pola falla de EDAR?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 11:00:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/05/2018 11:01:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:05
Nº Rexistro: 31312
Data envio: 24/05/2018 11:05:41.395

Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 11:01:11

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 11:01:16

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 31322(10/POP-003644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 12:04
Nº Rexistro: 31322
Data envio: 24/05/2018 12:04:18.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a solicitude de autorización dunha instalación de xestión de residuos en Teo.

O pasado 15 de maio o goberno municipal de Teo convocou aos veciños e veciñas da parroquia de Calo a unha reunión na que se informou de que no Concello tiñan constancia desde decembro de 2017 do "Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das intalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo (A Coruña)", presentado polo Grupo Toysal.

O obxecto deste proxecto e solicitude de autorización é, tal e como figura no documento, "a posta en funcionamento na antiga canteira de Camilo Carballal unha planta de tratamento e reciclado de residuos composta por unha planta de biogás agroindustrial, unha instalación de procesado de digestatos e produción de fertilizantes". É dicir, preténdese poñer en funcionamento no lugar da Casalonga, no concello de Teo, unha planta de xestión de lodos de depuradoras, lodos de conserveiras, lodos e residuos de industrias agroalimentarias, residuos SANDACH, purín e estercos, e outros tipos de residuos altamente contaminantes.

A información e explicacións do goberno municipal de Teo na reunión do martes 15 de maio, sobre o impacto ambiental e social dos procesos que se pretenden desenvolver nunha instalación que se vai situar a menos de 400 metros dun núcleo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 12:04
Nº Rexistro: 31322
Data envio: 24/05/2018 12:04:18.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbano, así como o impacto que vai ter no tráfico pola circulación diaria dos vehículos pesados que transporten os residuos, provocaron nos veciños e veciñas asistentes alarma e fonda preocupación diante do que xa é considerado como un vertedeiro. Así pois os veciños e veciñas asistentes á reunión decidiron constituír unha plataforma veciñal para defenderse fronte ao que consideran unha nova fonte de problemas despois de aguantar durante anos as consecuencias da antiga canteira.

Esta planta de xestión de residuos vai ter impacto inmediato en Teo, mais tamén vai afectar a outros concellos da contorna, polas potenciais consecuencias negativas da instalación que pretende poñer en marcha a empresa Toysal na Casalonga.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza do "Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo"?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 12:04
Nº Rexistro: 31322
Data envio: 24/05/2018 12:04:18.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 12:03:21

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 12:03:26

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 12:03:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 12:03:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 12:03:35

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 12:03:39

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 31723(10/POP-003691)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coa solicitude de instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:06
Nº Rexistro: 31723
Data envio: 31/05/2018 13:06:19.006

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En decembro de 2017, no Concello de Teo tivo entrada unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo GRUPO TOYSAL (a efectos de incluíla na presentación de solicitude de autorización ambiental integrada) para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga. O obxecto do proxecto é o tratamento e reciclado de 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás.

O certo é que no proxecto pódense atopar, entre outras referencias, as seguintes:

1. A instalación dunha balsa de 5.000 m³.
2. A posible afectación dos cursos fluviais dos ríos Sar e Tinto, sitos a uns 1.000 metros da planta.
3. A existencia de edificacións que causarán un impacto potencial negativo sobre a fauna.
4. Malos cheiros pola trasfega e o almacenamento previo dos residuos agroindustriais.
5. Ruídos e vibracións polo propio funcionamento da maquinaria e tránsito de vehículos, que poden perturbar a animais e persoas en zonas próximas á explotación.
6. Emisións de partículas de gases contaminantes á atmosfera, que poden ter efectos negativos na contorna.
7. Xeración de residuos semellantes aos urbanos, que poderían producir, por exemplo, contaminación de solos, de acuíferos por lixiviados e das augas superficiais.
8. Creación de focos infecciosos coa conseguinte proliferación de pragas de roedores e insectos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:06
Nº Rexistro: 31723
Data envio: 31/05/2018 13:06:19.006

Lamentablemente, as conclusións deste proxecto son moi pouco garantistas, pois di que a instalación englobará "diversas tecnoloxías punteiras no pretratamento, dixestión ou concentración de residuos orgánicos" e que é imposible establecer un plan de restauración detallado, dada a imposible previsión da evolución das condicións socio-económicas locais e nacionais.

Os veciños e veciñas están preocupados e teñen constituído unha plataforma de afectados chamada "Casalonga limpa de residuos", polo que é o Goberno quen debe ser transparente e dar explicacións, posto que a Xunta de Galicia é a administración competente para tramitar a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades. Os veciños teñen o apoio do seu concello, que no Pleno do día 30 de maio acordaba, por unanimidade, o rexeitamento a este tipo de instalacións en solo rústico do noso concello.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal vai ser a postura do Goberno ante a solicitude de instalación dunha planta de residuos na Casalonga, no Concello de Teo?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:06
Nº Rexistro: 31723
Data envio: 31/05/2018 13:06:19.006

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 12:57:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/05/2018 12:57:45

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:57:50

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:57:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 32698(10/PUP-000175)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 9 máis

Sobre o posible traslado polo Concello de Teo á Xunta de Galicia dalgún informe en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento e reciclaxe de residuos en Casalonga, promovido pola empresa Toca y Salgado, S.L. (TOYSAL)

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 21/06/2018 13:24:40.517

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, María Julia Rodríguez Barreira, Jacobo Moreira Ferro, María Antón Vilasánchez, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias e **Jaime Castiñeira Broz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo, 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola situación de alarma social que está a xerar entre os veciños e veciñas de Teo a solicitude de autorización ao Concello, dunha planta de tratamento e reciclado de residuos composta por unha planta de biogás agroindustrial, unha instalación de procesado de dixestatos e produción de fertilizantes, nunha zona residencial de vivendas.

O pasado mes de outubro de 2017, a empresa Toca y Salgado (TOYSAL), S.L. presentou no Concello de Teo un proxecto e solicitude de autorización para a posta en funcionamento na antiga canteira de Camilo Carballal, en Casalonga, Teo, unha planta de tratamento e reciclado de residuos composta por unha planta de biogás agroindustrial, unha instalación de procesado de digestatos e produción de fertilizantes.

Igualmente ten solicitado perante a Xunta de Galicia a autorización ambiental integrada para a instalación dun centro de tratamento de residuos non perigosos na canteira Casalonga número 6.996, no Concello de Teo.
O proxecto presentado consiste na implantación dunha planta de tratamento de residuos non perigosos procedentes da industria agroalimentaria mediante unha

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 21/06/2018 13:24:40.517

biodixestión e tratamento e concentración dos dixestatos para elaboración de fertilizantes orgánicos. O proceso produtivo prevé o tratamento de 90.000 t/ano de residuos que proveñen de lodos de depuradoras, de industrias agroalimentarias, esterco, puríns e outros tipos de residuos industriais. Esta actividade podería ser susceptible de xerar molestias no entorno, polo que xa se está a producir unha forte contestación social e oposición frontal dos veciños e veciñas dunha zona eminentemente residencial e non industrial nin agrícola.

Así mesmo, cabe destacar que a localización da planta de residuos está ubicada a moi poucos metros de espazos de especial protección patrimonial como o Camiño de Santiago, os Castros de Socastro e de Francos, dos petroglifos, mámoas e outros xacementos medievais.

A actividade da instalación proxectada está sometida ao procedemento de autorización ambiental integrada *en aplicación do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (RDL 1/2016, do 16 de decembro)*, e sometida ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinario conforme ao establecido na *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*. Neste marco procedimental, o Concello tivo e terá oportunidade de pronunciarse sobre a admisibilidade do proxecto en tres ocasiones:

- Có informe de compatibilidade urbanística que o promotor solicitou con carácter previo ao inicio do procedemento ambiental, sen que conste que o ente local emitise dito informe ate a data, coa particularidade de que a emisión polo Concello deste informe urbanístico antes da resolución do procedemento en sentido negativo daría lugar ao arquivo fulminante do expediente sen outorgamento da autorización.
- Coa eventual resposta á consulta a efectuar no trámite de participación pública a efectos da avaliación de impacto ambiental.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 21/06/2018 13:24:40.517

- Có informe preceptivo sobre a adecuación da instalación a todos aqueles aspectos que sexan de competencia municipal.

Hai que ter en conta que, tras a aprobación polo Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016 do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) 2016-2022, este documento constitúe o marco legal e folla de ruta no que se deben desenvolver as actividades de xestión de residuos industriais. Por iso, á hora de proxectar, executar e xestionar unha instalación de tratamento de residuos, debe terse en conta o establecido ao respecto no Plan.

O PRIGA, inclúe un anexo específico sobre os criterios de situación para a identificación do emprazamento e sobre a capacidade das futuras instalacións de xestión. A localización no territorio de instalacións relacionadas coa xestión de residuos debe estar en consonancia cos instrumentos de planificación do territorio, tomando como base criterios técnicos, ambientais, sociais e de facilidade de xestión.
Por iso, deben terse en conta os seguintes criterios xerais de localización das instalacións de tratamento de residuos, entre outros, que:

As instalacións de xestión, preferentemente, localizaranse en polígonos industriais ou en emprazamentos onde a actividade xere o menor impacto sobre a calidade do aire.

Así mesmo respecto da distancia a núcleos de poboación e outras actividades e servizos, a localización proposta debe garantir a compatibilidade da nova infraestrutura cos usos existentes e a contorna, mediante a aplicación das medidas correctoras que se requiran.

A empresa polo tanto, de cara á obtención da solicitude de autorización, ademais de obter os informes preceptivos de compatibilidade urbanística, do órgano competente en

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 21/06/2018 13:24:40.517

minas (o proxecto localízase nunha antiga canteira), augas, patrimonio natural e cultural, entre outros, deberá xustificar a súa adecuación aos criterios de emprazamento do PRIGA e obter unha Declaración de Impacto Ambiental favorable que garanta a súa compatibilidade co medio, tendo en conta o seguinte:

- O proxecto emprázase fóra dun polígono industrial.
- Que a zona na que se pretende ubicar a planta de tratamento de residuos está próxima a un núcleo de vivendas de uso residencial e non de uso agrario ou industrial.
- Os usos existentes na contorna.

- A localización da planta de residuos está situada a moi poucos metros de espazos de especial protección patrimonial como o Camiño de Santiago, os Castros de Socastro e de Francos, dos petroglifos, mámoas e outros xacementos medievais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten trasladado o Concello de Teo á Xunta de Galicia algún tipo de informe en relación a este proxecto para instalar unha planta de tratamento de residuos en Casalonga, Teo?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 21/06/2018 13:24:40.517

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 21/06/2018 13:22:18

Gonzalo Trenor López na data 21/06/2018 13:22:28

Martín Fernández Prado na data 21/06/2018 13:22:37

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/06/2018 13:22:48

María Julia Rodriguez Barreira na data 21/06/2018 13:22:56

Jacobo Moreira Ferro na data 21/06/2018 13:23:06

Maria Antón Vilasánchez na data 21/06/2018 13:23:16

Diego Calvo Pouso na data 21/06/2018 13:23:24

Marta Novoa Iglesias na data 21/06/2018 13:23:33

Jaime Castiñeira Broz na data 21/06/2018 13:23:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.9 32365(10/POP-003760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 16:55
Nº Rexistro: 32365
Data envio: 13/06/2018 16:55:31.065

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A finais do pasado mes de abril, foi sometido a información pública o documento base do chamado *"Plan de transporte público de Galicia*", unha denominación sen dúbida pretenciosa pois unicamente contempla unha parte dun único modo de transporte, cando en boa lóxica debera ser consecuencia dunha formulación máis xeral e completa sobre a mobilidade en Galicia. En todo caso, tal planificación debera establecer as cuestións básicas para o deseño e posta en marcha dun novo mapa concesional, pero que, lonxe de tal cometido, constitúe máis ben un documento demasiado xenérico e indeterminado, do cal non derívase do mesmo, como sería desexable, unha mellora substancial dos servizos regulares públicos de transporte interurbano e intercomarcal de viaxeiros por estrada, competencia exclusiva de Comunidade, senón que volve a establecer unhas pautas xerais moi imprecisas e cuestionables.

Cabe recordar que a *Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia*, establecía que dito plan sería aprobado no prazo de vinte e un meses dende a súa entrada en vigor, e dado que aquela produciuse o 23 de xullo de 2016, xa é coñecido que – novamente - a Xunta de Galicia non foi quen de dar cumprimento ao prazo legalmente establecido.

A denominada *1ª fase do Plan de transportes* (coa incongruencia de denominar "1ª fase" de algo que nin está actualmente aprobado), realizada como consecuencia dos errores cometidos pola Xunta de Galicia con anterioridade, procedeu á contratación de diversos servizos, pero foi, en todo caso, un parche provisional, que supuxo a existencia de múltiples problemas, tal e como é sobradamente coñecido, ademais de ter que ser realizado pola administración de xeito directo, en base a

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

unha modalidade anormal e excepcional de contratación, tal e como determina a lexislación europea de transporte. Así non levouse a cabo unha mellora dos servizos prestados e, en demasiadas ocasións, tampouco un aumento das persoas usuarias, pese á idea contraria que tenta transmitir á consellería, a vez que sufrindo múltiples alteracións ante as queixas de diversos concellos.

Baixo a consideración do transporte escolar como un servizo equiparable e integrado ao das persoas viaxeiras en xeral, o que buscábase en realidade era unha minoración de fondos públicos destinados ao transporte público, cando sen un aumento de dotacións con cargo aos orzamentos autonómicos, é imposible acadar unha mellora destes servizos. Pero tal condicións previa non está entre as previsións da Xunta de Galicia.

Non parece un esquema inicial axeitado ir a un modelo de transporte sen aumentar a dotación global e incluso pensando en aforrar esa contía. Ou incluso se vai solicitar a "colaboración financeira" por parte doutras administracións públicas, cando constitúe unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.

Mentres, é rexeitado polo Partido Popular que, tal e como acontece no transporte metropolitano, as persoas mozas poidan desprazarse gratuitamente en autobús, tal e como se propuxo recentemente por este grupo parlamentario.

Tampouco é coñecido o necesario estudo sobre as necesidades de mobilidade do territorio, cuestión básica e previa para o deseño das novas liñas a poñer en marcha.

Tampouco parece que o plan deseñado, tivera en conta en múltiples referencias e recomendacións que se establecen na aprobación das directrices de ordenación do territorio, sendo estas, ao parecer, ignoradas.

Igualmente non pareza que teña en conta a realidade das áreas metropolitanas, tanto a legalmente aprobada ou a que puidera entrar en funcionamento nos próximos anos, cando estas deberán ter a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 16:55
Nº Rexistro: 32365
Data envio: 13/06/2018 16:55:31.065

competencia sobre o transporte público que o plan recolle para o territorio que as integren.

Por todo o anterior se formulan a seguinte pregunta ao respecto do denominado *"Plan de transportes público de Galicia"*:

Considera que dito plan cumpre coas necesidades de servizos que son necesarias?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 13/06/2018 16:50:12

María Luisa Pierres López na data 13/06/2018 16:50:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/06/2018 16:50:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/06/2018 16:50:35

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2018 16:50:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.10 31903(10/POP-003709)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 9 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da construción do novo espazo denominado Domingo Fontán no complexo da Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31903
Data envio: 05/06/2018 14:22:48.112

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río e **Diego Calvo Pouso,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Có obxectivo de dar continuidade á vontade de cooperación universitaria asinouse en Galicia un convenio polo que se crea o Consorcio Interuniversitario de Galicia. Un consorcio con múltiples funcións que precisa un espazo físico común para desenvolver as súas actividades.

Dito espazo levará o nome do matemático Domingo Fontán e estará ubicado na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

Dáselle así resposta e utilidade a un espazo no Gaiás que aínda estaba por determinar, e que contribuirá, así mesmo, sen ostentacións, encher de coñecemento, cultura e actividade o recinto.

Ademais do Consorcio Interuniversitario de Galicia e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o edificio tamén albergará o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, centrado en profundizar en todo o que rodea o Camiño de Santiago, a paisaxe os itinerarios culturais e o patrimonio.

Sobre este centro e os seus usos, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31903
Data envio: 05/06/2018 14:22:48.112

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Que valoración fai a Xunta de Galicia da construción do novo espazo, Domingo Fontán no complexo do Gaiás?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 05/06/2018 14:17:49

César Manuel Fernández Gil na data 05/06/2018 14:18:04

Maria Antón Vilasánchez na data 05/06/2018 14:18:09

Carlos Gómez Salgado na data 05/06/2018 14:18:17

María Isabel Novo Fariña na data 05/06/2018 14:18:26

Antonio Mouriño Villar na data 05/06/2018 14:18:33

Moisés Rodríguez Pérez na data 05/06/2018 14:18:41

Martín Fernández Prado na data 05/06/2018 14:18:55

Paula Prado Del Río na data 05/06/2018 14:19:03

Diego Calvo Pouso na data 05/06/2018 14:19:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.11 32242(10/POP-003745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32242
Data envio: 11/06/2018 14:08:18.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a construción do Edificio Fontán na Cidade da Cultura.

O presidente da Xunta anunciou que o Goberno galego construirá un novo edificio na Cidade da Cultura que acollerá a sede do Consorcio Interuniversitario de Galiza (CISUG) e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario alén dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais.

Esta construción suporía o investimento de 17 millóns de euros públicos mais sobre todo o incumprimento por parte da Xunta de Galiza e do Partido Popular do acordo adoptado no Pleno do Parlamento de Galiza o 26 de xuño de 2013 no que, por unanimidade da Cámara, se acordou a paralización definitiva dos dous edificios pendentes de construír na Cidade da Cultura.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32242
Data envio: 11/06/2018 14:08:18.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que incumpre o Goberno galego o acordo adoptado no Parlamento en relación ás edificacións da Cidade da Cultura?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 14:05:18

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 14:05:22

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 14:05:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32242
Data envio: 11/06/2018 14:08:18.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 14:05:26

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 14:05:27

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 14:05:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.12 33014(10/PUP-000177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:11
Nº Rexistro: 33014
Data envio: 02/07/2018 18:11:32.788

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Perez e Anxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno, con carácter de urxencia,** relativa á equiparación salarial dos docentes galegos.

Xustificación da Urxencia.

A Consellería de Educación négase a asumir as demandas dos sindicatos de ensino que pulan por recuperar os dereitos económicos que lles quitaron nos anos da crise-estafa. En lugar dunha negociación de boa fe, como indica a lexislación laboral no referente á negociación, a Consellería ven protagonizando durante as últimas semanas un "paripé" de negociación con propostas ridículas no monetario e demasiado longas nos tempos, propostas realmente inasumibles que son proba do desinterese que teñen por recuperar os dereitos das e dos docentes galegos.

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta urxente para a súa resposta **oral en Pleno**:

Cando ten previsto o Goberno galego atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:11
Nº Rexistro: 33014
Data envio: 02/07/2018 18:11:32.788

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 02/07/2018 18:08:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/07/2018 18:08:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 10.07.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.13 29766(10/POP-003489)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 10:54
Nº Rexistro: 29766
Data envio: 20/04/2018 10:54:43.196

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno.**

O ictus é un cadro médico que se produce a partir de distintas patoloxías, e que representa unha moi importante causa de morte, e nomeadamente de secuelas físicas e psíquicas.

En Galicia púxose en marcha no ano 16 o Plan Ictus, que se estaba a xestar dende o ano 2009, e no marco do mesmo inclúese un eixo para acadar a rápida detección desta enfermidade, piar fundamental para a supervivencia e a diminución da cantidade e gravidade das secuelas.

Para concienciar e informar á cidadanía deseñouse unha campaña publicitaria baseada nas tres "F": fala, forza e faciana, na que dun xeito moi sinxelo se transmitía ás persoas os signos mais habituais do proceso.

Non poder dicir de forma correcta palabras simples, non poder elevar os brazos á mesma altura durante dez segundos, ou non ser quen de sorrir amosando toda a dentadura son signos fáciles de percibir, e que deben servir de alerta para poñerse en contacto co 061, que completará o interrogatorio e, de ser preciso, enviará medios para o desprazamento ata o hospital.

Os avances no tratamento urxente do Ictus, a fibrinolise e a trombectomía mecánica que resulta eficaz ata as 24 horas seguintes ao episodio agudo, dan unha importancia esencial á inmediatez do tratamento, polo que pensamos que esta campaña debería ter producido resultados na mellora da atención a este proceso.

Por todo o exposto os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Teñen comprobado no SERGAS a mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do Ictus dende a posta en marcha da campaña informativa sobre os signos de aparición desta enfermidade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 10:54
Nº Rexistro: 29766
Data envio: 20/04/2018 10:54:43.196

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/04/2018 10:52:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/04/2018 10:52:47

María Ángeles Garcia Míguez na data 20/04/2018 10:52:53

Marta Rodriguez Arias na data 20/04/2018 10:52:59

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 20/04/2018 10:53:08

María Soraya Salorio Porral na data 20/04/2018 10:53:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/04/2018 10:53:22

Raquel Arias Rodríguez na data 20/04/2018 10:53:29

Sandra Vázquez Dominguez na data 20/04/2018 10:53:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com